

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 23 de xuño de 1993.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 13 de setembro de 1993, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 156/1993 A.T.)*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de instalación dunha liña de M.T., un C.T. e unha rede de B.T. que ten as seguintes características especiais:

Peticionario: *Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.*

Lugar no que de vai establece-la instalación: desde o C.T. de San Martiño de Figueirido ata o que se proxecta en Esculca, concello de Pontevedra.

Finalidade da instalación: mellora-lo servicio eléctrico na zona.

Características principais: liña de M.T., aérea, a 20 kV, de 738 m de lonxitude, con conductores tipo LA-56, con apoios de formigón e metálicos.

Un centro de transformación de 100 kVA, relación de transformación 20.000/398-230 V.

Redes de baixa tensión, de 1.645 m.

Presuposto: 11.965.922 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 13 de setembro de 1993.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra

*Resolución do 20 de setembro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se abre a información pública para autorización administrativa, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 52.412).*

Para os efectos previstos no Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública as soli-

citades da entidade mercantil *Hidroeléctrica de Laracha, S.L.*, con enderezo na r/ Gómez Zamalloa, nº 9, 1º 15005 A Coruña, para a autorización administrativa da instalación que segue:

Expediente número 52.412:

—Centro de transformación aéreo sobre apoio de formigón, de 50 kVA e tensións de 15/0,380-0,220 kV no Castro.

—Rede de baixa tensión desde C.T. Castro en apoios de formigón en conductor R.Z., en seccións de 95,50 e 25 mm<sup>2</sup> e 1.645 m de lonxitude ós lugares de Castro, Doldán e Lagarteira (Laracha).

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentalas súas reclamacións ou oposición, no prazo de trinta días, nesta delegación provincial, edificio administrativo Monelos, 15071 A Coruña.

A Coruña, 20 de setembro de 1993.

Juan Ignacio Lizaur Otero  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 5 de outubro de 1993, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 146/1993 A.T.)*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sométese a información pública a petición de instalación dunha liña de M.T. e un centro de transformación que ten as seguintes características especiais:

Peticionario: *David Fernández Grande, S.A.*

Lugar no que de vai establece-la instalación: Gandraña, concello de Vigo.

Finalidade da instalación: subministrar enerxía eléctrica á súa industria.

Características principais: liña de M.T., aérea, de 15/20 kV, de 451 m de lonxitude, con conductores LA-30 de 31,1 mm<sup>2</sup> de sección total, apoios metálicos e de formigón.

Un centro de transformación de 1.000 kVA, relación de transformación 20.000/15.000/400-231 V.

Presuposto: 5.707.000 ptas.

O que se fai público para que poida ser examinado o proxecto da instalación nestas oficinas, sitas na Rúa Nova de Abaixo 2, e formularse contra el as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución.

Pontevedra, 5 de outubro de 1993.

Ramón Álvarez Abad  
Delegado provincial de Pontevedra